



RESUMEN ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 28 DE MARZO DE 2014.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:

- Acta da sesión ordinaria de 14 de marzo de 2014

2º.- URBANISMO.

2.1.- Conservas A Rosaleda, S.L.. Solicitud de renuncia a tramitación de licencia.

Acórdase estimar a solicitude presentada por CONSERVAS A ROSALEIRA S.L. de renuncia á solicitude de licenza de actividade para manipulación de produtos de horta na parcela 5.B, marxe b, do parque empresarial Área 33.

2.2.- Ganadería Borralla S.C. Solicitud de legalización de almacén de maquinaria de explotación de vacún de leite.

Acórdase a concesión de licenza de legalización urbanística e de actividade a GANADERÍA BORRALLA S.C. para almacén de maquinaria de explotación de vacún de leite na parcela da súa propiedade, número 647, polígono 506 no lugar de Portapiñeiro.

2.3.- SALOMÉ FONDEVILA PÉREZ. Licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar localizada na rúa Pontevedra nº 5 Silleda

Acórdase conceder a Dona Salomé Fondevila Pérez, licenza de primeira ocupación pola vivenda unifamiliar localizada na rúa Pontevedra nº 5 (Silleda).

2.4.- JOSÉ IGNACIO LAMAS FERNANDEZ. Licenza para acondicionamento de nave existente para resguardo de apeiros agrícolas e ferramentas no lugar de Toxa, finca 116 da zona de concentración parcelaria de Silleda (referencia catastral 36052K502001160000ED).

Acórdase a concesión de licenza urbanística a Don José Ignacio Lamas Fernández para acondicionamento de nave existente para resguardo de apeiros agrícolas e ferramentas no lugar de Toxa, finca 116 da zona de concentración parcelaria de Silleda (referencia catastral 36052K502001160000ED).

3º.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN.

Acórdase aprobar a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do

concello de Silleda da Asociación Cultural e Veciñal "Axouxere" de Fiestras.

4º.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA: "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL EN BANDEIRA, ESCUADRO E BAZAR"

1.- A Xunta de Goberno Local acorda: Dar conformidade a documentación presentada nos Sobre A "Documentación administrativa" dos seguintes licitadores:

- CONSERVIA REHABILITACIÓN Y SERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

2.- A Xunta de Goberno Local acorda: Proceder á apertura do Sobre B "Oferta económica e documentación" das tres empresas admitidas á licitación e proceder a valorar e establecer a puntuación do sobre B "Oferta económica e documentación".

3.-A Xunta de Goberno Local acorda clasificar por orden decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas o anormais, **resultando:**

- CONSTRUCCIONES FERNANDEZ SARMIENTO, S.A. Puntuación total sobre B: 2,6 puntos.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. Puntuación total sobre B: 1,2 puntos.
- CONSERVIA REHABILITACIÓN Y SERVICIOS, S.L. Puntuación total sobre B: 0 puntos.

Considerando polo tanto que este é o licitador que presenta a oferta economicamente máis ventaxosa: CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO S.A., segundo o contido do Sobre B "Oferta económica e documentación":

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.